



**DIA -03/6/2016**  
**HORA - 9.00 h**

OFERTA DE EMPREGO 302


**IDENTIFICADOR DA OFERTA** [ ] **ENTRADA Nº** [ ] **DATA ENTRADA** [ ] / [ ] / [ ]

<b>DATOS XERAIS DA OFERTA</b>			
<b>IDENTIFICADOR DA EMPRESA (CIF, NIF...)</b> P3604200J		<b>RAZÓN SOCIAL</b> CONCELLO PONTEAREAS	
<b>CTA. DE COTIZACIÓN</b> 36103867418			
<b>ENDEREZO DA EMPRESA</b> CONCELLO PONTEAREAS		<b>TELÉFONO</b> 986642529	<b>FAX</b>
<b>Nº POSTOS</b> 14			
<b>CORREO ELECTRÓNICO</b> recursoshumanos@ponteareas.es		<b>ENCARGADO/A DA SELECCIÓN DOS /AS CANDIDATOS/AS</b> TRIBUNAL SELECCIÓN	
<b>RELACIÓN CONTRACTUAL</b> <input checked="" type="checkbox"/> Temporal <input type="checkbox"/> Indefinido			
<b>ENDEREZO DA SELECCIÓN</b> POLICIA LOCAL, RUA POMBAS S/N		<b>CONCELLO</b> PONTEAREAS	
<b>C. POSTAL</b> [3][6][8][6][0]	<b>XEITO PREFERENTE DE CONTACTO (e-mail, correo ordinario, fax, teléfono...)</b>		
<b>DESCRIPCIÓN DA OFERTA</b>			
<b>UBICACIÓN DO POSTO DE TRABALLO</b> CONCELLO PONTEAREAS		<b>CONCELLO</b> PONTEAREAS	<b>C. POSTAL</b> [3][6][8][6][0]
<b>CNO</b> 95.121.019	<b>OCUPACIÓN QUE SE SOLICITA</b> PEON DE HORTICULTURA, XARDINERIA	<b>NIVEL PROFESIONAL (categoría)</b> PEON	<b>MESES EXPERIENCIA</b>
<b>DESCRIPCIÓN DA OCUPACIÓN (requisitos adicionais necesarios para o posto ofertado)</b>  AS PROPIAS DA CATEGORIA			
<b>DATOS CONTRACTUAIS</b>			
<b>DATA PREVISTA INCORPORACIÓN</b> [17] / [06] / 2016	<b>Xornada de traballo</b> Completa <input type="checkbox"/> Parcial <input checked="" type="checkbox"/> Parcial mañá <input type="checkbox"/> Parcial tarde <input type="checkbox"/>	<b>No caso de xornada parcial:</b> Xornada diaria <input type="checkbox"/> Xornada semanal <input checked="" type="checkbox"/> Xornada mensual <input type="checkbox"/> Nº horas a tempo parcial [28,125]	<b>Particularidades do emprego</b> Trabajo nocturno <input type="checkbox"/> Sábados, domingos e festivos <input type="checkbox"/> Trabajo a domicilio <input type="checkbox"/> Teletrabajo <input type="checkbox"/> Transporte <input type="checkbox"/> Barreiras arquitectónicas <input type="checkbox"/>
<b>DURACIÓN DO CONTRATO (días)</b> 210			
<b>TIPO DE CONTRATO</b> 501 INTERES SOCIAL			
<b>REQUISITOS DOS/AS CANDIDATOS/AS</b>			
<b>Os/as candidatos/as deben ser discapacitados/as</b> <input type="checkbox"/> <b>TIPO DE DISCAPACIDADE</b>		<b>Situación laboral</b> Desempregado/a <input checked="" type="checkbox"/> Ocupado/a <input type="checkbox"/>	<b>Debe viaxar</b> SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
		<b>Permiso de conducir</b> SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> <b>TIPO</b> [ ]	
<b>NIVEL FORMATIVO</b>	<b>OUTROS DATOS SOBRE OS REQUISITOS DOS/AS CANDIDATOS/AS</b>		
<b>TITULACIÓN ACADÉMICA</b>	<b>ESPEC. FORMACIÓN OCUPACIONAL</b>	<b>COÑECEMENTOS DE LINGUAS</b> Lingua [ ] Nivel [ ]	
<b>CARNÉS PROFESIONAIS</b>	<b>OUTRO TIPO DE COÑECEMENTOS</b>	<b>COÑECEMENTOS DE INFORMÁTICA</b> Informática [ ] Nivel [ ]	

**OBSERVACIÓNS**  
 OS CANDIDATOS DEBEN SER PERCEPTORES DO RISGA. OS CANDIDATOS REALIZARÁN UNHA PROBA PRÁCTICA QUE VERSARÁ SOBRE O MANEXO DA MÁQUINA ROZADORIRA MANUAL.

Os datos persoais contidos no presente documento gozan da protección prevista no Título II da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Aos efectos da mencionada Lei Orgánica fun informado previamente e declaro a exactitude e veracidade dos datos contidos no presente documento e autorizo a súa utilización para a intermediación coas ofertas de traballo. Estes datos non se poderán empregar para fins incompatibles con aqueles para os que fosen recollidos. Solicito ao Servizo Público de Emprego a presentación dun resumo do curriculum dos/as candidatos/as axeitados/as ao posto de traballo solicitado.

**Sinatura e selo do/da xestor/a da oferta** **Sinatura e selo do/da representante legal da empresa**



#### INSTRUCCIÓN XERAIS:

- Escriba o texto en letras maiúsculas e de imprenta.
- Os espazos sombreados están reservados para a súa cumprimentación á entidade autorizada.
- Na valoración da escala escolla a que máis se axuste ás súas necesidades.
- A calidade e eficiencia do servizo dependen directamente do contido do presente documento.

#### INSTRUCCIÓN ESPECÍFICAS:

- Se o enderezo onde se vai realizar a selección e a ubicación dos postos de traballo están sen cumprimentar entenderase que son iguais ao enderezo da empresa.
- No campo "Outro tipo de coñecementos" cubrirase o referido a cursiños, titulacións non homologadas ...

#### ÉN CUMPRIMENTO DA LEI ORGÁNICA 15/1999, DE 13 DE DECEMBRO, DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL, INFÓRMASE DOS SEGUINTES PUNTOS:

- Os datos proporcionados no presente documento formarán parte dun ficheiro automatizado, centralizado no Servizo Público de Emprego de Galicia, gozando da protección establecida na devandita lei.
- O Servizo Público de Emprego de Galicia actúa como intermediario entre as empresas que ofrezan traballo e os/as demandantes de emprego, axilizando o proceso de contratación. A tal efecto, remitiranse á súa empresa os /as candidatos/as máis axeitados/as para os postos de traballo ofertados.
- En calquera momento pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose á súa oficina de emprego.
- A identidade e o enderezo do responsable do ficheiro é a seguinte:

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR  
DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN  
SUBDIRECCIÓN XERAL DE COLOCACIÓN  
Edif. Administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela



**XUNTA DE GALICIA**





CONCELLO  
DE  
**PONTEAREAS**  
(Pontevedra)

14 Prazas de Peón Mendio Ambiente



Os candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego para a selección para a categoría de Peón Medioambiente, código Servizo Galego de Colocación **Peón de horticultura, xardineria 95121019**, deberán aportar a documentación relativa aos requisitos expostos neste escrito, así como toda aquela que consideren necesaria, deberán aportar os candidatos as fotocopias, co fin de poder valorar os méritos que aleguen

#### Requisitos mínimos de admisión

1. Ter cumprido 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
2. Ser perceptor do RISGA
3. Estar inscrito no Servizo Público de Emprego, como demandante non ocupado

#### Criterios para a avaliación dos candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego

- 1) Experiencia profesional: (acreditarase a través de certificado de servizos prestados ou contrato acompañado de vida laboral ou calquera outra documentación que acredite fidelisimamente)

A puntuación máxima nesta alínea será de 2 puntos.

- 0,10 puntos por cada mes de experiencia acreditado na administración público ou/e empresa privada, na mesma ou similar categoría.

- 2) Situación de desemprego

A puntuación máxima nesta alínea será de 1 punto.

- Por cada mes en situación de desemprego nos doce meses anteriores dende a data na que se aprobou a oferta a través do Órgano competente: 0,1 puntos. Mérito que se acreditará a través de vida laboral, ou calquera outro medio que acredite documentalmente.

- 3) Formación

A puntuación máxima nesta alínea será de 2 puntos.

- Coñecemento da lingua galega. A puntuación máxima deste apartado será de 1 punto.

1. Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega celga 1: 0,50 puntos.
2. Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega celga 2: 1 punto.
3. Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega celga 3, ou realización do curso de iniciación da lingua galega homologada pola Dirección Xeral de Política Lingüística, ou presentación da validación dos mesmos: 1 punto.
4. Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega celga 4, ou realización do curso de perfeccionamento da lingua galega homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística, ou presentación da validación do mesmo: 1 punto.

So se valorará a puntuación máis alta, non sendo acumulables.

- Formación Complementaria: A puntuación máxima nesta alínea será de 1,5 puntos:

Por cursos impartidos polas administracións públicas, universidades, INEM, formación continúa do AFCA (Acordo de formación continua para as administracións públicas ou



formación ocupacional) relacionada coas funcións propias da categoría segundo o baremo seguinte:

- Cursos de 20 horas a 39 horas: 0,30 puntos.
- Cursos de 40 horas a 59 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de 60 horas a 99 horas: 0,75 puntos.
- Cursos de 100 horas a 149 horas: 1 punto.
- Cursos de máis de 150 horas : 1,5 puntos.

4) Os candidatos con cargas familiares, ata un máximo de 1 punto

(1) Un membro	0,20
(2) Dous membros	0,40
(3) Tres membros	0,60
(4) Catro membros	1

5) Os candidatos que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral: 1 punto.

6) Os candidatos maiores de 45 anos: 1 punto

8) Proba Práctica

- A devandita proba práctica versará sobre o manexo da máquina rozadoira manual. A puntuación máxima nesta fase será de 4 puntos, e deberase obter un mínimo de 2 puntos para superar a proba.

8) Cualificación Definitiva

De existir empate entre as puntuacións dos candidatos, este resolverase a favor de aquel que teña a primeira maior puntuación seguindo a orde de puntuación do baremo incluíndo a entrevista

Se este continuase desfarase seguindo a orde alfabética, comezando pola letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda de 03/02/2016 pola que se fai público para o ano 2016 o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da comunidade autónoma de Galicia, (DOGA 12/02/2016), polo que os desempates que deriven desta selección empezarán por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra " O ".

Tendo en conta a proposta de nomeamento do Tribunal, procederase ao nomeamento polo órgano competente.

10) Tribunal Selección

O tribunal de selección será nomeado pola Xunta de Goberno ou Decreto de Alcaldía, e estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes, sendo a súa composición 1 Presidente, 1 Secretario e 3 vogais, segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60 Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público., e artigo 36 da Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes.

En caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.